

Plan de Acción Tutorial

1.- INTRODUCCIÓN

A acción tutorial como actividade educadora pretende reforzar as actuacións tanto de profesores, pais e alumnos como de todo o persoal que incide directamente e indirectamente na educación.

O Decreto 105/2014 do 4 de setembro polo que establece o currículo da Educación Primaria na C.A. de Galicia sinala cinco competencias básicas, entendidas como capacidades necesarias para activar e aplicar de forma integrada os contidos propios de cada ensinanza.

Neste mesmo decreto, sinalase que as situacións de aprendizaxe deseñadas para o desenvolvemento das competencias deberán incorporar tarefas que contextualicen as aprendizaxes e que permitan avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. O enfoque metodolóxico deberá sustentarse nas referidas situacións de aprendizaxe, coa finalidade de que os contidos se convertan en coñecementos aplicables con eficacia. Neste deseño é responsabilidade do centro, e do profesorado, a adecuada selección da metodoloxía, que deberá ser variada e adecuada ás características e aos ritmos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas.

2.-PRINCIPIOS NOS QUE SE SUSTENTA O PLAN DE ACCIÓN TUTORIAL

A acción tutorial dirixida ó profesorado facilitará o coñecemento dos alumnos organizados en grupo-clase, reforzando o proceso dual ensino-aprendizaxe. Colaborando no desenvolvemento curricular e na tarefa orientadora.

Tendo como referencia o novo Decreto de Educación Primaria, é necesario establecer cambios metodolóxicos na dinámica xeral de aula. Por iso, plantéxase a *metodoloxía inversa* como unha corrente innovadora e eficaz no proceso de ensino-aprendizaxe.

Desta forma, o alumnado é axente activo na adquisición de novas aprendizaxes e o profesor terá un papel de guía e asistente neste proceso.

Se esta acción de axuda refírese ao alumnado, a acción tutorial favorecerá que este se coñeza e se acepte, mellore o proceso de socialización, respecte a diversidade e incentive a participación e integración na dinámica do centro.

E de suma importancia o traballo de *habilidades sociais*, a través do programa específico do departamento de orientación. Porén, como método preventivo e de acción directa no traballo da socialización, propónse a *aprendizaxe cooperativa* realizada en pequenos grupos heteroxéneos dentro da aula. Sendo unha vía para canalizar o traballo da metodoloxía inversa, as habilidades comunicativas e de negociación e tamén a creatividade do alumnado.

Este principio metodolóxico implementárase de forma progresiva e puntual a través dalgunhas materias.

Respecto ao traballo na competencia lingüística é necesario un novo enfoque no sistema de ensino e avaliación, tendo en conta a adquisición de destrezas:

Comprensión lectora

Comprensión oral

Expresión escrita

Expresión oral

que axuden ao alumno a desenvolverse con soltura e eficacia en situacións cotiás.

Respecto o tema da titoría coa familia favorecerase a información entre pais e centro e as relacións pais-fillos-institución.

E moi importante a coordinación entre ambos ámbitos (familia-escola) para que o alumno poda funcionar como axente da súas aprendizaxes, especialmente no proceso de busca, selección e síntese da información e cambios na forma de traballar os contidos dende o fogar, como poden ser os traballos de investigación ou estudo de casos.

Respecto á materia de Libre Configuración estimada en 4º e 6º curso de Primaria, o centro establecerá un programa específico en lingua castelá, de cara a mellorar a competencia lingüística do alumnado.

3.- OBXETIVOS

A atención aos alumnos/as implicará:

- Seguimento do progreso individual.
- Fomento da integración de cada alumno no grupo.
- Aprender progresivamente a organizarse e resolver conflitos .

A atención aos outros profesores implicará:

- Facilitar o coñecemento dos alumnos individualmente e como grupo.
- Posibilitar unha óptima colaboración entre os diferentes profesores.
- Asegurar o paso de información dun grupo de alumnos a un novo titor.

Respecto do tema da titoría coa familia, é importante:

- Facilitar o intercambio de información familia-escola.
- Promover a colaboración e a participación dos pais na escola.

4.- TAREFAS DO TITOR/ORA COS ALUMNOS

4.1.- Acollida e integración dos alumnos.

CICLOS	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	MATERIAL	TEMP.
1º, 2º, 3º	1.- Favorecer a inserción na etapa ou no curso.	-Presentación dos alumnos, coñecemento mutuo. -Plan de acollida de alumnos procedentes do estranxeiro.		- Inicio do curso. - Ao longo do curso.
1º, 2º, 3º	2.- Favorecer o coñecemento do grupo . clase:	-E exercicios para favorecer a relación grupal: actividades de presentación,		- Inicio do curso. (Seguimento

	organización e funcionamento da aula (normas, agrupamentos e organización).	coñecemento e cohesión. -Coñecemento do centro. -A nosa aula. -Elaboración de normas de convivencia na clase.		trimestral).
3º	3.- Fomentar unha actitude positiva ante o traballo escolar.	-Planificación do curso. -Dereitos e deberes. -Consello Escolar.		- Ao longo do curso.

4.2. Adquisición e mellora de hábitos de traballo

CICLOS	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	MATERIA L	TEMP.
1º	1.- Fomentar e adquirir hábitos de traballo persoal.	-Hábitos básicos : sentarse,correctamente, relaxarse, orden e autonomía.		- Ao inicio e ao longo do curso.
2º, 3º	2.- Analizar os hábitos e actitudes ante o estudio persoal. 3.- Axudar e orientar ao alumnado na organización e planificación do traballo persoal.	- Hábitos de estudio. - Condicións de estudio. - Técnicas de estudio.		- Ao longo do curso.
3º	4.- Animar aos alumnos que reflexionen sobre as calificacións.	-As avaliacións: preparación e resultados. -Debate sobre resultados. -Compromisos. -Recuperacións.		- Antes e despois das avaliacións.

4.3.- Desenvolvemento persoal e social.

CICLOS	OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	MATERIA L	TEMP.
1º, 2º, 3º	1.-Coñecer os antecedentes académicos de	-Recoller e actualizar a información a través do expediente e da		- Ao inicio do curso.

	<p>cada alumno.</p> <p>2.-Coñecer o seu nivel aptitudinal.</p> <p>3.-Coñecer as dificultades da súa aprendizaxe e orientalo.</p> <p>4.- Coñecer o seu nivel de integración no grupo e axudarlle, no seu caso, na súa integración.</p> <p>5.- Orientar o alumno na resolución de problemas persoais relacionais.</p>	<p>información dos titores anteriores.</p> <p>-Entrevista para coñecer actitudes.</p> <p>-Recoller información doutros mestres e orientadora.</p>		<p>- Ao longo do curso.</p>
1º, 2º, 3º	<p>6.-Identificar as necesidades educativas do alumnado optimizando os recursos e a máxima integración do alumnado.</p>	<p>-A partir da avaliación inicial.</p> <p>-Revisión de informes.</p> <p>-Observación do proceso ensino-aprendizaxe, rendemento académico.</p>	<p>-Titor/a</p> <p>- Orientadora.</p>	<p>- Ao longo do curso.</p>
1º, 2º, 3º	<p>7.- Desenvolver hábitos persoais, sociais e escolares no alumnado.</p>	<p>-Ensinanza de habilidades de comunicación e relación a principio de curso como asunto prioritario, dedicar tempo á definición das normas de clase e os códigos de comportamento na asemblea de clase. Traballar a responsabilidade no alumnado, eliminar o silencio ante a violencia e favorecer a resolución</p>		<p>- Ao longo do curso.</p> <p>(seguimento cada trimestre).</p>

		pacífica de conflitos. -Actividades lúdicas na clase.		
3º (6º curso)	8.- Analizar os pasatempos e intereses persoais e grupais. 9.- Axudar a organizar as actividades deportivas e de tempo libre	-Actividades culturais. - Pasatempos lúdicos, recreativos. -Busca de información sobre actividades ofertadas polo Concello ou outro organismo.	- Asembleas de curso. -Organizar comisións para programar as actividades · - Excursións e saídas do grupo.	- 3º Trimestre.

5.-TAREFA DO TITOR EN RELACIÓN CO PROFESORADO

5.1.- Propiciar o coñecemento do alumnado.

ACTIVIDADES	PARTICIPANTES	TEMPORALIZACIÓN
Recollida de información sobre datos persoais e familiares, datos relevantes sobre a súa historia familiar e escolar, características persoais, competencia curricular, necesidades educativas	Titor e orientador	Setembro - Outubro
Reunións dos titores que deixan os grupos por finalizar E.I. ou cambio de ciclo, cos novos titores para recadar información acerca do grupo en xeral e de algúns alumnos específicos que presenten algunha singularidade destacable ou necesidades educativas especiais.	Titores e orientador	Setembro
Facilitar aos especialistas a información destacable de determinados alumnos que sirva para un mellor coñecemento do mesmo.	Titores e especialistas.	

Recadar información, opinións e propostas do resto do equipo educativo para tomar decisións que contribúan a mellorar o funcionamento do grupo clase	Ciclo	Mensualmente
Coordinar, xunto coa Xefatura de Estudos, a sesións de avaliación.	Titor-xefe de estudos.	Trimestralmente
Participar e promover reunións de seguimento de ACNEES do seu grupo, xunto co resto do profesorado, P.T, A.L e orientador.	P:T A.L Orientador	1ª quincena de setembro Trimestralmente

5.2.- Posibilitar liñas de acción común

ACTIVIDADES	PARTICIPANTES	TEMP.
- Revisar e poñer en común nas reunións do ciclo a programación recollida no PCC	Ciclo	1ª quincena de setembro
- Unificar criterios respecto ás normas de funcionamento nos grupos, materiais, tempos	Ciclo	1ª quincena de setembro
- Adaptacións na programación para o alumnado con NEE, en colaboración co D.O. e o resto do profesorado que incide no alumno.	P.T A.L Orientadora	Setembro Revisión trimestral
- Debater, seleccionar e programar co profesorado de ciclo as actividades complementarias ou extraescolares propostas pola comisión responsable.	Responsable da comisión de actividades extraescolares e profesorado de ciclo.	Trimestral
- Colaborar cos demais titores do Ciclo e do Centro para a realización de actividades puntuais que impliquen a varios niveis ou ciclos: festas da Paz, Entroido, Nadal	C.C.P.	O longo do curso
- Revisar no Claustro o PAT e a súa realización o rematar o curso.	Claustro	Final de curso
- Consensuar cos profesores de nivel ou de ciclo a planificación e realización de programas que sistemática ou esporadicamente dan resposta a necesidades concretas de un nivel ou ciclo:	Nivel Ciclo	Setembro Trimestralmente

<ul style="list-style-type: none"> • Técnicas de estudio • Orientación • Plan lector 		
---	--	--

6.- TAREFAS DO TITOR/EQUIPO EDUCATIVO COAS FAMILIAS

6.1.- Tarefas do titor/equipo educativo coas familias.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	PARTICIPANTES	TEMP.
-Favorecer a inserción da familia e o alumno no centro.	-Entrega información sobre o centro e cuestionario informe sobre o alumno.	-Cuestionario sobre o alumno. -Díptico informativo.	No momento da matrícula do alumno.
-Fomentar o coñecemento do centro e do grupo clase.	-Presentación colectiva, por parte do Equipo Directivo, do Claustro (1ª parte) -Reunión coas familias para presentar á titora (2ª parte): atención titorial, composición do equipo educativo, liñas xerais de actuación, asistencia continua, criterios de avaliación, normas de convivencia	- Elaborar anexo cos criterios para toda a etapa.	Na primeira quincena de outubro.
-Favorecer a convivencia escolar.	-Informar sobre o uso do tempo libre, actividades culturais, deportivas	-Información escrita sobre actividades ofertadas polo concello e outras institucións.	O longo do curso.

6.2.- Implicación das familias na educación dos seus fillos.

OBXECTIVOS	ACTIVIDADES	PARTICIPANTES	TEMP.
-Recadar información da situación sociofamiliar e características do alumno.	-Recoller e actualizar a información dos titores anteriores .	-Informes de outros cursos e coordinación cos titores anteriores.	No primeiro trimestre.
-Prever a aparición de dificultades de aprendizaxe.	-Entrevistas individuais coas familias e solicitar asesoramento e/ou	-Informes de outros cursos e coordinación cos	O longo do curso.

	participación do D.O. se fora necesario.	titores anteriores.	
-Información do rendemento escolar dos seus fillos.	-Conseguir a colaboración das familias no traballo persoal do seu fillo: tempo de estudo na casa, tempo libre e implicación nas tarefas escolares.	-Colaboración dende o D.O nas charlas coas familias a principio de curso e nas entrevistas individuais. -Rexistro semanal de control de material, actitude, tarefas, puntualidade -Boletín a familias	Cada Trimestre.

